
ACTA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA do COEQGA 29/05/2010

Ás 18:05h na Casa das Asociacións, Avenida de Vilagarcía 43, Santiago de Compostela, en segunda convocatoria e coa asistencia (física ou baixo representación firmada a tal efecto) dos colexiados que se relacionan no Anexo 1 declárase aberta a Asemblea Xeral Extraordinaria (AXE) do Colexio Oficial de Enxeñeiros Químicos de Galicia (COEQGa).

Preside a AXE a Presidenta do COEQGa a Dra. Almudena Hospido Quintana, e actúa como secretario o Secretario do COEQGa Dr. Jorge Rodríguez Rodríguez.

A Asemblea fora convocada mediante comunicación postal e correo electrónico e publicación na prensa, coa seguinte orde do día:

- 1. Aprobación, se procede, do Acta correspondente á Asemblea Xeral anterior.*
- 2. Incorporación do COEQGa ao “Consejo General de Colegios Oficiales de Ingenieros Químicos de España” e condicións para elo.*
- 3. Avaliación da situación económica actual do colexio. Alternativas de actuación: subida de cuotas ou derrama extraordinaria.*
- 4. Elección de nova Xunta de Goberno.*

1. Aprobación, se procede, do Acta correspondente á Asemblea Xeral anterior.

A presidenta propón para aprobación actas da asemblea xeral anterior que foran postas a disposición dos colexiados na web previamente. As Actas apróbanse por asentimento.

2. Incorporación do COEQGa ao “Consejo General de Colegios Oficiales de Ingenieros Químicos de España” e condicións para elo.

A presidenta explica o proceso de contactos previos e pasos seguidos e necesarios para a creación do *Consejo Nacional de Colegios de Ingenieros Químicos (CoNCIQ)*. Así o pasado 31/10/2009 tivo lugar unha reunión de representantes de los Colexios de EQs da Comunidade Valenciana, Galicia e Castilla-La Mancha, onde se nomeou a Comisión Xestora do CoNCIQ, cos seguintes membros: Presidenta: Dña. Almudena Hospido Quintana (COEQGa); Secretario: D. Jorge Rodríguez Rodríguez (COEQGa); e Vogais: D. Sergio Albert Torralba (COIQCV), D. Antonio Nieto-Márquez Ballesteros (COPIQCLM) e D. Antonio Magán Iglesias (COEQGa)

Elaborouse una Proposición de Lei de Creación do CoNCIQ, que tras ser revisada pola asesoría xurídica do COEQGa foi remitida en marzo ó Ministerio de Industria (MI) e a tres partidos políticos (PSOE, PP e Grupo Mixto).

A presidenta explica a resposta recibida dende o MI onde se solicitaba ós tres colexios solicitantes a certificación de incorporación ó CoNCIQ, sendo no caso do COEQGa necesaria a aprobación en AX. Asemade, o MI solicitaba unha memoria xustificativa da normativa proposta, que o COEQGa ten xa elaborado.

No ámbito político, soamente o PP ten respostado a solicitude de apoio. Representantes dos tres colexios autonómicos mantiveron cun deputado desta formación unha reunión o pasado 28 de Abril onde este grupo parlamentario mostrou a súa intención de apoiar a proposta. A comisión xestora ten previsto retomar os contactos co PSOE e grupo Mixto, e iniciar tamén o contacto con CiU.

O Colexiado IC pregunta polas implicacións de crear o CoNCIQ. A presidenta explica a conveniencia e necesidade de ter un órgano consultivo a nivel nacional, para que a nosa profesión deixe de ser ignorada en certos ámbitos.

Apróbase a incorporación ao CoNCIQ por unanimidade.

Indicando que non estaba na orde do día da presente AXE por ser posterior a súa convocatoria, a presidenta explica a existencia dunha serie de entes de agrupación profesional de interese como a Unión Profesional (UP), a Unión Profesional de Galicia (UPG) e a Unión Profesional de Colexios de Enxeñeiros (UPCI), e propón debater a posible incorporación do COEQGa a estes entes.

O Colexiado HR realiza algúns comentarios sobre a función dos colexios. Ao colexiado IC acláraselle dúbida sobre os membros da APG acerca de canto realmente están a visar indicándolle que de feito están dentro a UPG moitos colexios cun gran volume de visados.

Co fin de evitar a convocatoria doutra AXE no presente ano, propónse dar potestade á XG para incorporar ao COEQGa a entes sempre condicionada a súa ratificación na seguinte AX. Apróbase por asentimento.

3. Avaliación da situación económica actual do colexio. Alternativas de actuación: subida de cuotas ou derrama extraordinaria.

A presidenta explica situación económica, ingresos y gastos de este ano (Anexo 2), información que xa estaba a disposición dos colexiados na web para a súa consulta.

O Colexiado IC pregunta pola posibilidade de redución de xornada administrativa e consulta sobre os ingresos previstos. A Presidenta explica que o administrativo traballa soamente a tempo a parcial xa para o COEQGa que o resto do seu tempo se dedica á ETSE e á CODDIO, gasto que COEQGa factura á ESTE&CODDIO.

O Vicepresidente indica o potencial de ingresos vía cursos de formación do COEQGa, pide tamén que os colexiados manifesten os seus intereses en temas incluso coa fin de deseñar cursos á carta. Propón tamén un enfoque máis orientado á captación de recursos.

A colexiada AP indica a necesidade de incrementar a visibilidade do traballo e servizos do COEQGa, bolsa CVs, xestión de becas, de xeito que se incremente a percepción do valor por parte dos potenciais e actuais colexiados que ten o estar colexiado no COEQGa.

A XG presenta á AX as seguintes propostas para abordar a situación económica crítica e evitar a quebra do colexio:

1) **Derrama extraordinaria** a aqueles colexiados en activo con data 15 de febreiro (posto que na AX de febreiro decidiuse non subir as coutas e valorar a mediados de ano a necesidade dunha derrama) consistente nun cobro único de **30 €**. **Apróbase por 14 votos a favor e 2 abstencións.**

2) **Modificación de cuotas**, que será efectiva a partir do 1 de Xuño. Preséntanse as seguintes alternativas (Votos recibidos entre paréntese)

i) Non modificar cuotas (0)

ii) Cuota de alta = 28€ e Cuota anual = 72€ (6)

iii) Cuota de alta = 28€ e Cuota anual = 92€ (8)

Votos en branco branco (2)

4. Elección de nova Xunta de Goberno.

O ter sido presentada soamente unha candidatura, o artigo 46º dos Estatutos do COEQGa establece que non se require a celebración das eleccións.

A presidenta empeza agradecendo a adicación das persoas que deixan os seus cargos na XG (Antonio Cuevas, María Franciso y Jorge Rodríguez), e presenta a nova xunta que conta cos seguintes compoñentes:

Presidenta: ALMUDENA HOSPIDO Vicepresidente: JOSE GOMEZ

Secretario: ANTONIO MAGAN

Vicesecretaria: MARIA BOTANA

Tesoureira: MARTA CARBALLA

Vicetesoureira: ANTIA PEREZ

Vogais: MARTIN CHAO, ANXO RODRIGUEZ, PATRICIA SANDE e IVAN SEIJO.

A Presidenta recorda o correo electrónico enviado a tódolos colexiados o día 12 de Maio, onde indicaba textualmente *“Presento esta candidatura con el condicionante de que no agotaré el mandato y que en Febrero de 2011 (aprovechando la asamblea ordinaria anual) se convocarán nuevamente elecciones. Si el próximo día 29 salgo elegida, entended, por tanto, este período como una prórroga del actual mandato para que la gente que me acompaña vaya tomando mayores responsabilidades y que mi salida de la JG sea gradual.”*.

Deste xeito sen intervencións adicionais e tras abordar todos os puntos da orde do día levántase a sesión as 19.47 h.

O Secretario saínte:



Jorge Rodríguez Rodríguez

O Secretario entrante:



Antonio Magán Iglesias

VºBº. Presidenta



Almudena Hospido Quintana

ANEXO 1: ASISTENTES (orden alfabético)

1. Carballa Arcos, Marta
2. Carballal Mato, Iago
3. Chao Iglesias, Martín
4. Cuevas Iglesias, Antonio
5. Fraga Pumar, Alberto
6. Francisco Casal, María
7. Garrido Giménez, Isolina
8. Hospido Quintana, Almudena
9. Iglesias Figueroa, Víctor
10. Magán Iglesias, Antonio
11. Pérez González, Antía
12. Rodríguez López, Ángel
13. Rodríguez Martínez, Héctor
14. Rodríguez Rodríguez, Jorge
15. Seijo Maroño, Iván
16. Tato Tato, Marta

ANEXO 2: ESTADO DE CUENTAS

| | 5-05-2010 | Estimados |
|------------------------|--------------------|-------------------|
| Saldo cuenta 2009 | 3.499,17 € | - |
| Cuotas colegiados 2010 | 10.940,34 € | ??? € |
| CODDIQ | 3.425,00 € | 3.425,00 € |
| ETSE | 1.140,00 € | 1.140,00€ |
| Visados | 181,78 € | ??? € |
| Subvención | - | ?? € |
| TOTAL | 19.186,29 € | 4.565,00 € |

INGRESOS:

| | 5-05-2010 | Estimados |
|------------------------------|-------------------|--------------------|
| Gastos pendientes 2009 | 876,30 € | - |
| Gastos Administrativo | 6.461,36 € | 12.878,92 € |
| Asesoría Jurídica | 1.044,00 € | 3.132,00 € |
| Seguro Responsabilidad civil | - | 1.000,00 € |
| Informe Jesús Olavarria | - | 1.000,00 € |
| Anuncios Prensa | 197,20 | 197,20 € |
| ISA-USC | - | 400,00 € |
| Viajes de la JG | 504,43 € | 1.150,00 € |
| Comisiones | 72,71 € | ≈ 15,00 € |
| TOTAL | 9.156,00 € | 19.773,12 € |

GASTOS:

| | |
|-----------------|--------------------|
| INGRESOS | 19.186,29 € |
| GASTOS | 9.156,00 € |
| SALDO | 10.030,29 € |

BALANCE A 05/05/2010 (REAL):

| | |
|-----------------|---------------------|
| INGRESOS | 23.751,29 € |
| GASTOS | 28.929,12 € |
| SALDO | - 5.177,83 € |

BALANCE A 31/12/2010 (ESTIMADO):